

A DONCELA (THE HANDMAIDEN)

[Park Chan-wook, 2016]

242

ESTREA EN NUMAX: 06.06.2017 | V.O.S.E. | +16

Ah-ga-ssi (The Handmaiden) (2016, 145')

Dirección: Park Chan-wook

Guión: Park Chan-wook, Jung Seo-kyung (Novela: Sarah Waters)

Elenco: Ha Jung-woo, Kim Min-hee, Jo Jin-woong, Kim Tae-ri, Moon So-ri, Kim Hae-suk

Son: Suk-won Kim

Vestuario: Sang-gyeong Jo

Montaxe: Jae-Bum Kim, Sang-beom Kim

Fotografía: Chung Chung-hoon

Música: Cho Young-wuk

Produtoras: Moho Film, Yong Film (Corea do Sur)

Distribuidora: La Aventura Audiovisual

Formato de proxección: DCP2K, 2.35:1

Idioma orixinal: Coreano e xaponés

PREMIOS E FESTIVAIS

Cannes 2016 (sección oficial), Sitges 2016 (Premio do público), Premios do Cinema Asiático (mellor actriz de reparto —So-ri Moon—, actriz revelación —Kim Tae-ri—, deseño de produción e vestuario), Busan 2016 (mellor actriz revelación —Kim Tae-ri—)

FILMOGRAFÍA SELECCIONADA

Stoker, 2013

Thirst, 2009

Sympathy for Lady Vengeance, 2005

Oldboy, 2003

Sympathy for Mr. Vengeance, 2002

Threesome, 1997

Moon Is the Sun's Dream, 1992

SINOPSE

Corea, década de 1930, durante a colonización xaponesa. Unha moza, Sookee, é contratada como criada dunha rica muller xaponesa, Hideko, que vive recluída nunha gran mansión baixo a influencia dun tirano. Sookee garda un segredo, e coa axuda dun estafador que se fai pasar por un conde xaponés, planea algo para Hideko.

«O último e espléndido traballo de Park Chan-wook reconcílianos co director. Obra fermosa e perversa»

Quim Casas EL PERIÓDICO ★★★★★



* NOCTURAMA *

A DONCELA (THE HANDMAIDEN)

[Park Chan-wook, 2016]


EUROPA CINEMAS
CREATIVE EUROPE - MEDIA SUB-PROGRAMME

“Cando sitúas unha muller no centro, o filme enriquecese, faise máis sofisticado”

Entrevista con Park Chan-wook
Por Goran Topalovic

Con *Sympathy for Lady Vengeance* (2005), iniciaches unha viraxe nos teus filmes cara ás protagonistas femininas. Como sucedeu? En *Oldboy* (2003), a protagonista feminina, Mi-do, é alguén que non está ao tanto da verdade. Iso era algo co que non estaba a gusto, mesmo cando, como filla de Dae-su, precisaba estar excluída da verdade polas necesidades da narración. En *Lady Vengeance* comecei a reflexionar sobre este aspecto. Na industria do cinema, o reino das longametraxes comerciais, realmente atopamos poucas protagonistas femininas. E decateime de que cando sitúas unha muller no centro, o filme enriquecese e faise máis sofisticado. Coa miña muller e a miña filla aprendín a ver o mundo desde unha perspectiva máis feminina, e coido que me serviu para progresar e madurar como persoa.

Consideras *A doncela* como a culminación da túa exploración dos personaxes femininos? Non diría exactamente unha culminación, mais é

o filme no que tiven máis tino á hora de empregar unha perspectiva feminista. Esta película é fundamentalmente diferente dos meus filmes anteriores porque non trata do combate dunha muller soa senón da alianza de dúas mulleres que atopan no amor unha forma de solidariedade. Polo demais, *A doncela* é un filme moi simple. Divide todo en dúas metades moi claras, o home contra a muller, case como unha batalla de sexos, e temos a protagonista formando unha alianza para loitar contra o home opresor, para fuxir de onda el. Neste filme todos os homes son viláns e patéticos. Os únicos personaxes positivos son mulleres. E os únicos personaxes masculinos positivos son ou dous bebés [risas].

A debutante Kim Tae-ri brilla facendo de Hideko, a criada de Sook-hee. Como foi o proceso de cásting? Vimos 1.470 mulleres novas durante a audición, mais non demos coa actriz axeitada até case o remate. Quero dicir algo sobre o proceso de cásting: cando un actor vale para un papel debes sentir inmediatamente que deches no cravo, e iso foi o que nos pasou con Kim Tae-ri. Chegamos a ela por unha recomendación dun dos produtores. Na proba, Kim Tae-ri fíxoo perfecto, levou o personaxe ao seu propio terreo, converténdoo nalgó único. E coma se nos estivera a dicir, «Hideko son eu, cólledea ou deixádea ir». Véndoa podía pensar en todo momento nunha muller independente e empoderada.

Tense mencionado arreo que foi vendo *Vértigo* (1958) de Hitchcock que te decidiches a ser cineasta. Que autores

teñen inspirado a túa obra? Non sei o resto da xente, mais eu endexamais vexo un filme máis dunha vez. Non son desas persoas que pon un filme, e volve a el escena por escena para analizar como se estrutura o plano, como se compón a imaxe. Non fago iso. Cando vexo un filme non o estudo. Por iso non sei responder sobre a influencia que deixaron en min filmes ou cineastas, pois moitas veces esquezo os filmes que teño visto no pasado. Tras facer esta advertencia podo dicir que Yasuzo Masumura é un director que endexamais deixou de abraiar-me. A súa obra é realmente interesante. Estudou dereito na Universidade de Tokio, por tanto é unha persoa situada nunha certa elite social, mais vendo os seus filmes nunca o dirías. Semella máis ben que os seus filmes están dirixidos por alguén tolo e excéntrico. O outro cineasta que realmente adoro é Mikió Naruse. Poderíase pensar que os seus filmes se atopan no lado oposto aos meus, mais atópoo inexplicabelmente próximo a min. As súas películas fanme tremer e algunhas delas vinas dúas veces, ou mesmo tres! [Risas].

Coñécese que es un ávido lector. Que libros estás a ler nestes intres? *La Bête humaine* de Émile Zola, xa case o rematei. É arrepiantemente bo! Tan bo que non entendo como é que non o lin até agora. Logo deste libro e de *Thérèse Raquin*, na que se inspira ao seu xeito *Thirst* (2009), pregúntome se non terei que facer un filme inspirado en Émile Zola.

Publicado en www.filmcomment.com/
Tradución: Xan Gómez Viñas

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org

